

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE SETEMBRO DE 2021

Ás 10:15 horas do día 2 de setembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade (asiste aos puntos 2 e 4)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11b)
D^a. María Jesús Magdalena Vila, directora de Ingresos (asiste aos puntos 9 e 10c)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5a, 6a e 10a)
D^a. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 5b, 6b, 7, 10b e 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212) (emenda documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de agosto de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. GUARDIAN HOMELAND SECURITY, S.A.
2. USIS GUIRAO, S.L.

Ambos os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. GUARDIAN HOMELAND SECURITY, S.A.
 2. USIS GUIRAO, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica/ apertura de mostras

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)

De conformidade co previsto na cláusula 20.1 do prego de cláusulas administrativas particulares procédese á apertura do sobre D "Mostras" dos licitadores admitidos.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación presentada.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 23 de agosto de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 27 e 30 de agosto de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.
Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.	15.875,00 €

O licitador non presenta o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2.C) no PCAP, polo que a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para a súa presentación.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados de conformidade co criterio recollido no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18 do PCAP e, ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 acorda, por unanimidade, outorgar ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula:

	Licitador	Redución do prezo
1	QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.	70 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte.

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.	28 puntos	70 puntos	98 puntos

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	AVAN INTEGRAL, S.L.	473.701,55 €



Asisten á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI número ****.*13.54***, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados de conformidade co criterio recollido na cláusula 18 do PCAP e, ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 acorda, por unanimidade, outorgar ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula:

	Licitador	Redución do prezo
1	AVAN INTEGRAL, S.L.	60 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte.

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	AVAN INTEGRAL, S.L.	32,58	60 puntos	92,58

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 17 de agosto de 2021, así como o que completa o anterior de data 1 de setembro de 2021, no que se indica que o único erro detectado no informe dando conta de baixas con valores anormais de data 21 de xuño de 2021 radica na oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. e se constata que a oferta de ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. non contén valores anormais pero a oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. si.

Ao abeiro do previsto na resolución nº 242/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía, do 25 de xullo de 2019 e, para os efectos de corrixir o erro detectado na tramitación deste procedemento evitando un recurso innecesario contra a adxudicación (artigo 44.3 da LCSP), a Mesa acepta o informe do 1 de setembro de 2021 e acorda, por unanimidade, iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola técnica xurídica da Dirección de Ingresos e a directora de Ingresos e Xestión Catastral o 30 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.	98 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L. (B-73.105.231), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proxecto de "humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AVAN INTEGRAL, S.L.	92,58

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL, S.L. (B-36.922.144), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Redución do prezo unitario por notificación
1	CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L.	1,44€

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L. (B-95.604.021), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("inscripción no Rexistro Xeral de empresas prestadoras de servizos postais do Ministerio de Fomento como operador que presta servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE PROTECCIÓN DE MOTORISTAS EN VÍAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos en data 09 de abril de 2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27 de maio de 2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (350.000,00 €), sendo a partida correspondente ao IVE de SESENTA MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (60.743,80 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.609.00.62 a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

”Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	% desconto ofertado
1	API MOVILIDAD, S.A.	24,16
2	TEVA CASTILLA Y LEON, S.L.	22,32
3	SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS LA CASTELLANA, S.A.	18,85
4	TEVASEÑAL, S.A.	18,15
5	IMESAPI S.A.	14,80
6	PROSEÑAL, S.L.U.	14,60
7	BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	1,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A. (A-78.015.880), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 11 de agosto de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a API



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



MOVILIDAD, S.A. para que acredítase a solvencia económica segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP.

Dentro do prazo concedido, o 27 de agosto de 2021, o licitador presentou nova documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar API MOVILIDAD, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por API MOVILIDAD, S.A. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 30 de xullo de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a API MOVILIDAD, S.A. (A-78.015.880) o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441) por un prezo total de 350.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 60.743,80 euros, e unha porcentaxe de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desconto aplicable aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I - FEC- do PCAP do 24,16%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria de DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AGUA QUENTE (AQS) EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 31 de maio de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo Xefa de Contratación de data 1 de xuño de de 2021.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 197.879,36 euros con iva, sendo o IVE 34.342,70. O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria e bolsa de vinculación dos orzamentos da Concellería de deportes 3420.2210300 “COMBUSTIBLES”. O ter o financiamento carácter plurianual, o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mesmo terá a seguinte distribución orzamentaria prevista.

	Distribución en anualidades euros con ive	Meses
2021	12,367.46	3
2022	49,469.84	12
2023	49,469.84	12
2024	49,469.84	12
2025	37,102.38	9
<i>total</i>	<i>197,879.36</i>	<i>48</i>

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	% desconto prezo de referencia
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,71%

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 19 de agosto de 2021, dentro do prazo concedido.



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a GASÓLEOS AMIGO, S.L. para que acreditase a solvencia técnica segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP.

Dentro do prazo concedido, o 30 de agosto de 2021, o licitador presentou nova documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 2 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049) o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611) por un prezo total de 197.879,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 34.342,70 euros e cun desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) do 0,71%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:35	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AB4E-53DH3E-3BA8B5-RXE5EZ-DAWBQZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		